

## FUCKING AMAL



**Tít. orixinal:** *Fucking Amal*

**Ano:** 1998

**Duración:** 89 min.

**País:** Suecia

**Dirección:** Lukas Moodysson

**Guión:** Lukas Moodysson

**Música:** Varios

**Fotografía:** Ulf Brantas

**Reparto:** Alexandra Dahlström, Rebecka Liljeberg, Erica Carlson, Mathias Rust, Stefan Hörberg, Josefin Nyberg, Ralph Carlsson, Maria Hedborg

**Productora:** Memfis Films / Zentropa Productions / Film I Väst / SVT Drama

**Xénero:** drama

**Non recomendada para menores de 13 anos**

**Sinopse:** Amal é unha pequena e pacífica cidade sueca... e seguramente un dos lugares máis aburridos do planeta. Agnes está a punto de cumprir 16 anos e non ten amigos. Está segredamente namorada de Elin, a rubia con aspecto rebelde e desinhibido da escola. Sen embargo, soamente o sabe o seu ordenador. O día da festa do seu cumpleaños, unha serie de circunstancias casuais farán que Elin acuda á súa festa, o que dará pé ó desenvolvemento de acontecementos inesperados.

## Entrevista a Moodysson

por Stéhanie Lamone (tomado de <http://www.golem.es/>)



A Lukas Moodysson, poeta de 30 anos, parecíalle que a súa película era demasiado sueca para proxectarse fora do seu país e demasiado adolescente para gustarlle ós seus pais. Non se imaxinaba que FUCKING AMAL sería a segunda película máis taquilleira de Suecia despois de Titanic e que se vendería a máis de vinte países.

*¿Por qué facer unha película por e para os adolescentes?*

Porque é máis doado. ¡As súas historias non son demasiado complicadas! Ademais é unha idade que me resulta aínda achegada, que me toca e que podo entender.

*¿Sente nostalgia de aquela época?*

Si, porque é a idade das posibilidades. Pero non é unha obsesión. A miña segunda película non fala de adolescentes. Hai dous nenos e dous adolescentes pero as demais personaxes son adultas. Está ambientada en 1975, é nunha comuna de esquerdas, con xente que tenta vivir xunta.

*¿Cre que segue mantendo o contacto cos adolescentes?*

Non, considérome totalmente adulto. Pero non existe unha diferenza abismal entre os adolescentes e os adultos, salvo tal vez que ós 16 anos un cambia constantemente e ós 40 non. É demasiado doado e moi perigoso ver diferencias por tódalas partes. As diferencias non son nunca tan grandes como parece.

*¿Aburríase cando tiña 14 anos?*

Si, vivía nunha cidade moi pequena e tiña a sensación de que nunca xamais sucedería nada. Pero sempre cabía a posibilidade de coller o tren e, en dez minutos, estar nunha gran cidade. A barreira a superar era máis mental que xeográfica.

*De seguro que pasaría longas horas mirando ás rapazas...*

As súas historias e a súa vida parécenme máis interesantes, quizais porque son heterosexual e sempre me realicei mil preguntas sobre elas. As persoas máis achegadas a min foron mulleres e sempre preferín quedarme na casa coa miña noiva que saír cos amigos.

*¿Cómo encontrou ás súas dúas actrices?*

Ó principio, quería que todos os actores da película fosen afeccionados e, ó final, todos son afeccionados, salvo Alexandra e Rebecca. Atopei moreas de adolescentes que eran capaces de actuar pero a ningunha que puidese interpretar verdadeiramente estes papeis. Polo tanto, busquei entre os semiprofesionais que actuaran nunha ou dúas películas. Buscaba a mozas achegadas ás personaxes que quería que interpretasen porque non creo que un actor poida interpretalo todo.



*Ó principio, a película estaba centrada en Elín. ¿Por qué volveu a centrala en Agnes?*

Penso que a película segue centrada en Elín. Pero retoquei moito o guión. A primeira escena que escribín e que constitúe a base de toda a historia, é a escena na que Elín e a súa irmán, na súa habitación, falan de mozos, de saídas, preguntándose o que farían co seu coche. Ó principio incluso, a película ía ser unha especie de thriller...

*¿Por que escolleu un título que puidese prestar a confusión?*

A confusión sempre é imposible en Suecia: todo o mundo sabe que Amal é unha cidade. Quería que a película se desenvolvese nun concello pequeno en medio de ningunha parte, sen ningunha cidade ó alcance do tren. Mirei un mapa e atopei esta cidade, bloqueada entre un gran lago e Noruega.

*Case poderíamos dicir que a súa película é unha película Dogma...*

Cando empecei a rodar *Fucking Amal* as películas *Dogma* aínda non saíran, polo tanto non podían influenciarme. Penso que o meu estilo é máis achegado ó de Cassavetes dos anos 70. Ademais, non levo cámara ó ombro senón zooms e filmo en cine, non en vídeo.

*¿Como explica que practicamente non existan películas para adolescentes?*

Os directores que fan películas deste tipo non teñen ningún talento. Cren que non o necesitan porque os que van ver as súas películas son mozos. Ó mesmo tempo, todos os directores con talento afástanse das películas para adolescentes porque pensan que valen máis que eso. E pode que as fagan para gañar moitos cartos. O verdadeiro problema non é que os *Scream* sexan películas boas ou malas. O problema é que ninguén propón outra cousa ós adolescentes.